

1. Crise da monarquía de Carlos IV e o Goberno de Godoy

Subapartado Contidos

Causas do Desprestixio	• Crise de Goberno: Carlos IV delegou o poder nun “valido”, Manuel Godoy, quen rompeu o equilibrio tradicional da Corte (amante da raíña María Luísa de Parma). A súa rápida ascensión (de garda de corps a Primeiro Ministro) xerou un odio profundo na alta nobreza (que se sentía desprazada) e o clero. • Desamortización (1798): Para sufragar o déficit causado polas guerras e o ineficaz sistema fiscal, o Estado recorreu á desamortización de Godoy (1798), poxando bens da Igrexa (casas de beneficencia, hospitais), o que lle gañou a inimizade do clero. Esta non só foi financeira, foi política. Ó afectar a bens de obra sociais da Igrexa, o clero comezou a utilizar os púlpitos para presentar a Godoy como un “anticristo” influenciado polas ideas francesas. • Crise Financeira: O colapso do comercio colonial e a inflación dispararon o prezo do gran. O malestar social era absoluto debido ás sucesivas fames e epidemias. • Impacto da Revolución Francesa: O temor ao contaxio revolucionario levou a Floridablanca a impoñer un “cordón sanitario” (censura e peche de fronteiras).
Impacto da Revolución Francesa	• O Cordón Sanitario (1789-1792). Floridablanca prohibiu a entrada de calquera noticia ou libro de Francia, incluso retirou as bolsas ós estudantes en París.
Política Exterior e Alianza con Napoleón	• Guerra da Convención (1793-1795): Tras a execución de Luis XVI, España entrou en guerra contra a Francia revolucionaria. A derrota española obrigou a asinar a Paz de Basilea, onde España recuperou territorios ocupados polos franceses a cambio de ceder a illa de Santo Domingo e pasar a ser aliada de Francia. • Tratado de San Ildefonso (1796). Supuxo a submisión total ós intereses de Napoleón. O obxectivo era atacar a Gran Bretaña. • Desastre de Trafalgar (1805): A frota franco-española foi destruída polo Almirante Nelso. Isto non só foi unha derrota militar, senón a fin de España como potencia marítima, deixando as colonias americanas indefensas e illadas comercialmente.
O proceso de decadencia: De Fontainebleau o Motín de Aranjuez	• Tratado de Fontainebleau (1807): Godoy asina con Napoleón este pacto para conquistar e repartir Portugal (aliada de Inglaterra). O tratado autorizaba o paso de tropas francesas polo territorio español. Pero as tropas de Junot e Murat foron ocupando cidades estratéxicas (Barcelona, Vitoria, Burgos) que non estaban no camiño directo a Lisboa, o que levantou sospeitas de invasión real • O Partido Fernandino: Formado pola aristocracia e o clero, conspiraban contra Godoy e Carlos IV para poñer no trono ao príncipe Fernando: Conspiración do Escorial (1807), foi o primeiro intento errado deste partido para derrocar a Carlos IV. Fernando VII foi perdoado, pero a fractura na familia Real quedou exposta. • Motín de Aranjuez (marzo de 1808): A fuxida da corte cada ó sur (pensando en ir a América) provocou o asalto ó palacio de Godoy. Esta revolta popular (instigada polos fernandinos) ante o rumor de que a familia real fuxiría a América por medo aos franceses incluso se chegou a dicir que secuestrada por Godoy. Resultado: Godoy é destituído e Carlos IV vese obrigado a abdicar no seu fillo Fernando VII, nun estado de debilidade total que Napoleón aproveitou para as Abdicacións de Baiona.
Contexto	• Propaganda: O partido fernandino en Galicia foi moi activo presentando a

Subapartado	Contidos
Específico de Galicia	Godoy como un “traidor” vendido a Napoleón para xustificar o seu derrocamiento. • Presenza Militar: O paso das tropas francesas cara a Portugal supuxo non só unha carga económica insoportable para os campesiños galegos pola obriga de mantemento (subministración de gran e gando) e a presión fiscal extra; senón como unha afronta relixiosa e social. • O papel da nobreza galega: Importantes sectores da fidalguía rural e o baixo clero galego foron os principais axitadores do sentimento anti-francés, preparando o terreo para a creación das Xuntas de Defensa tras o levantamento de maio